

III XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

01 de FEBREIRO de 2020

A Delegación da FGA en Lugo co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza a 3ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO, o **SÁBADO 01 de febreiro de 2020, en xornada de mañá e tarde**, no Módulo cuberto e na pista ao aire libre do *Estadio Gregorio Pérez Rivera*.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2020) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas de categoría **sub 16 ata máster**.
- **O resto de atletas con ficha por outra Federación e noutros clubs non pertencentes a Federación Galega de Atletismo deberán aboar 10€ coa recollida do dorsal.**
- **Todos os atletas que se inscriban, non participen finalmente e non manden a súa renuncia ata 24h antes do comezo da 1ª proba do programa. Serán sancionados cunha multa de 5€ que deberá ser aboada para poder tomar parte en calqueira control ou proba oficial organizada nesta Delegación de Lugo. Tampouco poderán participar aqueles atletas que teñan algunha multa pendente da tempada pasada.**

Art. 2. As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **22:00 horas do mércores anterior** á celebración das probas.

Non se admitirán inscricións fora de prazo.

Art. 3. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 4. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 5. O acceso ao módulo será **restrinxido**. Os adestradores que queiran acceder, deberán enviar un email a delegacionfgalugo@gmail.com ata o martes 28 para recibir acreditación que lle permita o acceso as zonas habilitadas para eles. **Non se admitirán adestradores sen acreditación de esta tempada.**

Art. 6. Nas probas de velocidade indícase a mellor marca. As series realizaránse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 7. Táboas, Intentos e Cadencias:

- Táboa de lonxitude a 3m e táboa de triple salto a 8, 10 e 11m.
- **Nos concursos os atletas disporán de 3 intentos + 3 (para os 8 mellores), agás os participantes dos grupos B de lanzamento de xavelina e grupos B e C de salto de lonxitude que contarán con 4 intentos sen mellora.**
- Salto altura masculino: 1.30-1.40-1.50-1.55-1.60-1.65-1.70-1.73-1.76.....
- Salto altura feminino: 1.20-1.30-1.35-1.40-1.45-1.48-1.51-1.54....
- Salto con Pértiga: 1.80-2.00-2.20....3.00-3.15-3.30....3.75-3.85-3.95....

Art. 8. Participación: A selección de participantes fázase segundo as marcas de inscrición.

- Lonxitude e Triple salto (sub 16-máster): Máximo 18 atletas.
- Salto de Altura (sub 16-sen): Máximo 15 atletas.
- Lanzamento de xavelina (sub 16-máster): Máximo 15 atletas por grupo.
- Salto con Pértiga (sub 16-máster): Máximo 12 atletas por sexo.

Os atletas que participen co artefacto da súa categoría non o poderán facer co artefacto absoluto.

Art. 9.

HORARIO DEFINITIVO

HOMES	HORA	MULLERES
HORARIO MAÑANA		
	10:40	LANZAMENTO XAVALINA (sub 16-Máster)**B
	11:00	600 ml (sub 16)
600 ml (sub 16)	11:05	SALTO LONXITUDE (sub 16-máster)**C
	11:15	800 ml (sub 18-máster)
LANZAMENTO XAVALINA (sub 16-Máster)** B	11:25	
800 ml (sub 18-máster)	11:45	3000 ml (sub 16-máster)
3000 ml (sub 16-máster)	12:00	SALTO LONXITUDE (sub 16-máster)**B
	12:15	LANZAMENTO XAVALINA (sub 16-Máster)**A
	12:45	300 ml (sub 16)
300 ml (sub 16)	13:00	TRIPLE SALTO (sub 16-máster)
LANZAMENTO XAVALINA (sub 16-Máster)**A	13:10	
	13:15	200 ml (sub 18-máster)
200 ml (sub 18-máster)	13:40	
HORARIO TARDE		
TRIPLE SALTO (sub 16-máster)	16:50	SALTO ALTURA (sub 16-máster)
SALTO CON PÉRTIGA (sub 16-máster)	17:00	SALTO CON PÉRTIGA (sub 16-máster)
Semifinais - 60ml (sub 16-máster)	18:00	Semifinais - 60ml (sub 16-máster)
	18:10	SALTO LONXITUDE (sub 16-máster)**A
SALTO ALTURA (sub 16-máster)	18:20	
	18:50	60 mv (0.76) - (sub 16- sub 18)
	19:10	60 mv (0.84)
60 mv (0.91) - sub 16	19:30	
SALTO LONXITUDE (sub 16-máster)	19:40	
60 mv (0.91) - sub 18	19:45	
60 mv (0.99) - (1.06)	20:00	60 ml - FINAIS A-B-C
60 ml - FINAIS A-B-C	20:10	

Art. 10. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, a 18 de decembro de 2019



Asdo. José Manuel Peña
Delegado Lugo FGA

Asdo. José Manuel Peña Rodríguez
Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo

PATROCINA:

ORGANIZA:

COLABORA: